



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Prácticas externas: Practicum I

Materia	Prácticas externas: Practicum I			
Código	005G130V01602			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	12	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Cid Fernández, Xosé Manuel Fernández Simo, Jesús Deibe			
Profesorado	Cid Fernández, Xosé Manuel Dapia Conde, María Dolores Failde Garrido, José María Fernández Simo, Jesús Deibe González Fernández, Antonio Isorna Folgar, Manuel Martínez Román, Rosana Ricoy Lorenzo, María Carmen Rodríguez Castro, Yolanda			
Correo-e	xcid@uvigo.es jesfernandez@uvigo.gal			
Web	<a href="http://https://www.facebook.com/PT1ourense?ref=tn_tnmn">http://https://www.facebook.com/PT1ourense?ref=tn_tnmn</a>			
Descrición xeral	Partimos da premisa de que o desenvolvemento integral da persona pasa por recoñecer a importancia e o valor da educación afectivo-sexual, que debe ser contemplada como un dereito do individuo de recibir unha educación integral, e dentro dun eixe coeducativo no que se prime o traballo de valores igualitarios de corresponsabilidade e respecto. Xa que a sexualidade, como dimensión fundamental da persoa, discorre inseparable da nosa realidade e identidade persoal, e o mesmo tempo dende a súa dimensión interpersoal-relacional permítenos aproximarnos conxuntamente a afectividade e a súa manifestación.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Transmitir, promover e desenvolver a cultura
B2	Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais
B3	Intervir como mediador social, cultural e educativo
B4	Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos
B5	Deseñar, implementar e avaliar programas e proxectos socioeducativos
B6	Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos
C1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, legislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa

C2	Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas
C5	Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa
C6	Comprender a traxectoria da educación social e a configuración do seu campo e identidade profesional, a nivel comunitario, estatal, europeo e internacional
C7	Manexar con criterio métodos e estratexias de investigación cuantitativas e cualitativas, e aplicarlas ás realidades socioeducativas
C9	Desenvolver programas e proxectos no contexto familiar e escolar
C12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento
C19	Administrar, coordinar e supervisar entidades, equipamentos e grupos, en función de diferentes contextos e necesidades
D2	Planificación e organización
D5	Xestión da información
D8	Capacidade crítica e autocrítica
D9	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos
D10	Recoñecemento e respecto de a diversidade e multiculturalidade
D13	Autonomía na aprendizaxe
D16	Liderado
D19	Compromiso coa identidade, desenvolvemento e ética profesional
D20	Orientación á calidade

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
	A1	B2	C1	D2
Organizar e administrar proxectos e servizos culturais, ambientais, de lecer e tempo libre	A2	B4	C6	D5
	A3	B5	C9	D10
		B6	C19	D13
				D19 D20
Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento	A1	B1	C2	D2
	A2	B2	C5	D16
	A3	B5	C7	D20
	A4	B6	C9	
			C12 C19	
Deseñar, aplicar e avaliar programas para a inserción social e laboral	A2	B2	C2	D2
	A3	B3	C9	D16
	A5	B5	C12	D20
		B6	C19	
Elaborar e interpretar informes técnicos, de investigación e avaliación sobre accións, procesos e resultados socioeducativos	A4	B1	C2	D2
	A5	B4	C9	D19
			C19	D20
Dominar as metodoloxías de dinamización social e cultural	A2	B1	C2	D19
		B4	C9	D20
			C19	
Administrar, coordinar e supervisar entidades, equipamentos e grupos, en función de diferentes contextos e necesidades	A1	B1	C7	D5
	A3	B5	C19	D19
		B6		D20
Asesorar na elaboración e aplicación de plans, programas, proxectos e actividades socioeducativas	A1	B1	C2	D2
				D9
				D19
				D20
Asesorar e/ou acompañar a persoas e/ou grupos en procesos de desenvolvemento socioeducativo	A1	B1	C19	D2
	A4	B6		D9
				D19
				D20
Compromiso coa identidade, desenvolvemento e ética profesional	A5	B4	C2	D8
			C6	D19
				D20

### Contidos

Tema

Realidade da intervención profesional no ámbito que realizan as prácticas.	Corpo teórico do ámbito no que se realizan as prácticas. O acompañamento socioeducativo no ámbito no que se realizan as prácticas
Capacidade de reflexión crítica sobre a realidade práctica.	Análise reflexiva do proceso de acompañamento e das estratexias de intervención. Análise crítico do mecanismos de intervención
Capacidade de reflexión sobre as posibilidades de mellora na intervención profesional do educador/a social, tanto no ámbito de intervención das prácticas como no que sería nunha intervención transversal en calquera ámbito	Dimensións de mellora no acompañamento socioeducativo
Deseño dun proxecto de intervención co colectivo de destinatarios da institución na que realiza as prácticas.	Estratexias de intervención socioeducativa. Elaboración documental dos procesos de acompañamento socioeducativo
Programación, implementación e avaliación de dito proxecto de intervención.	Flexibilidade e adaptabilidade no proceso de intervención socioeducativa. Os procesos de acción socioeducativa nos ámbitos da educación social. Os indicadores e as evidencias na acción socioeducativa. A investigación-acción durante a intervención socioeducativa.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	8	12
Prácticum, Practicas externas e clínicas	0	200	200
Obradoiro	20	12	32
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	8	48	56

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Prácticum, Practicas externas e clínicas	O/A estudante desenvolve as actividades nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión, durante un período determinado, realizando as funcións asignadas e previstas na proposta de prácticas. No caso do Prácticum, estas prácticas inclúense con carácter obrigatorio en estudos conducentes a determinadas profesións reguladas.
Obradoiro	Actividade enfocada á adquisición de coñecementos procedementais, habilidades manipulativas e instrumentais sobre unha temática concreta, con asistencia específica por parte do profesor/a ás actividades individuais e/ou en grupo que desenvolven os/as estudantes

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	A titorización terá un horario específico para o practicum
Prácticum, Practicas externas e clínicas	A titorización terá un horario específico para o practicum
Obradoiro	A titorización terá un horario específico para o practicum
Probas	Descrición
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	A titorización terá un horario específico para o practicum

### Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Prácticum, Practicas externas e clínicas	O/A estudante desenvolve as actividades nun contexto relacionado co exercicio da profesión de educador/a social, durante un período determinado, realizando as funcións asignadas e previstas na proposta de prácticas externas, valorando os seguintes criterios: Implicación persoal; Motivación; Capacidade de traballo en equipo; Puntualidade e asistencia; Formación adquirida nas prácticas; Formación universitaria axeitada ao posto; Relacións co entorno laboral; Receptividade a críticas; Capacidade técnica; Capacidade de aprendizaxe; Administración de traballos; Habilidades de comunicación oral e escrita; Sentido de responsabilidade; Facilitade de adaptación; Creatividade; Iniciativa	50	A1 B2 C2 D2 A3 B3 C5 D9 A5 B4 C6 D13 B5 C7 D20 B6 C19
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Informe/memoria das prácticas realizadas na institución externa, prestando valoración aos seguintes criterios: Cumprimento do proxecto formativo; Desenvolvemento das funcións establecidas; Adquisición de competencias; Aprendizaxe adquirida; Asistencia á formación complementaria para o desenvolvemento das prácticas; Asistencia ás titorías	50	A1 B2 C1 D2 A3 B3 C2 D9 A5 B4 C5 D10 B5 C6 D13 B6 C7 D20 C19

## Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación organízase segundo o detallado:

Valoracións do seguintes aspectos, recollidos no anexo IV, referentes ao desenvolvemento das actividades das prácticas nun contexto relacionado co exercicio da profesión de educador/a social, durante un período determinado, realizando as funcións asignadas e previstas na proposta de prácticas externas: Implicación persoal; Motivación; Capacidade de traballo en equipo; Puntualidade e asistencia; Formación adquirida nas prácticas; Formación universitaria axeitada ao posto; Relacións co entorno laboral; Receptividade a críticas; Capacidade técnica; Capacidade de aprendizaxe; Administración de traballos; Habilidades de comunicación oral e escrita; Sentido de responsabilidade; Facilitade de adaptación; Creatividade; Iniciativa (50%).

Valoración dos seguintes criterios do Informe/memoria das prácticas realizadas na institución externa: Cumprimento do proxecto formativo; Desenvolvemento das funcións establecidas; Adquisición de competencias; Aprendizaxe adquirida; Asistencia á formación complementaria para o desenvolvemento das prácticas; Asistencia ás titorías (50%).

É obrigatorio ter entregado no MOOVI da materia os anexos I, II e III perfectamente cubertos antes do inicio das prácticas na entidade externa.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade no espazo 'datas exames'

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

ASEDES, **Documentos profesionalizadores**, ASEDES, 2007

Biurrun-Moreno, C. e Martín-Cuadrado, A., **El prácticum de educación social. Un estudio de la literatura.**, <https://doi.org/10.24310/RevPracticumrep.v7i2.15537>, Revista Practicum, 7(2), 92-126., 2022

Martín-Cuadrado, A.M. e González, R., **Los orígenes del profesional de la Educación Social en el ámbito educativo**, Octaedro, 2022

Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación, **TÍTULO DE GRADO EN PEDAGOGÍA Y EDUCACIÓN SOCIAL**, Morales, S., **El prácticum como experiencia de aprendizaje en educación social. Propuestas para su desarrollo: planificación, tutoría docente y proyección social**, Universitas, 2013

### Bibliografía Complementaria

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Iniciación na práctica profesional/O05G130V01601

## Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta

filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

---